



# VETERANOS ACTIVOS

## DE PONTE DE AGRA A MOURAZOS(A Coruña)

### MÉRCORES 15 DE XANEIRO DE 2025

A andaina comeza na Ponte de Agra que cruza a parte mais estreita do encoro de Portodemouros, no concello de Santiso. Nada mais crúzalo, adentrámonos en terras da Gollada. Proseguimos por doados camiños de monte, arrodeados de fermosos bosques de carballos, sobreiras, piñeiro, castiñeiro, eucaliptos...

Percorreremos sendeiros paralelos ao río Ulla, véndoo e escoitándoo de cando en vez ata chegar á ponte de Mourazos. Diríximons cara a Area Recreativa O Liño a orillas do río Ulla na que se atopa a Praia fluvial de Cornella para rematar na aldea de Mourazos, onde nos recollerá o bus.

Suliñar que o río Ulla atópase en grave perigo no caso de que leven adiante o proxecto da macrocelulosa de Altri. Esta macrocelulosa necesitará de 46 millions de litros de auga, que serán devoltos, contaminados, ao mesmo río. Esto provocará unha subida da temperatura da auga de tres graos, co perxuizo que esto conleva para a fauna a flora e as persoas.

Continuaremos ata Melide para tomarnos algo e visitar a Igrexa de Santa María (sec.XII), catalogada Monumento Nacional, que se atopa nun casi perfecto estado de conservación, sendo o referente románico desta bisbarra coruñesa. Destacan no seu interior os teitos decorados con arte renacentista do sec.XVI.

Distancia: 12 km Dificultade: baixa.

Desnivel subida: 326 De baixada: 350 m

Guía: MINU

#### A SAÍDA

As 9 horas, da parada de bus de Deportienda no Pavillón de Riazor, coas paradas de Juan Flórez, Alfonso Molina e Carrefour.

#### AS SEGUINTES RUTAS SON:

- 10 Xaneiro. Práctica Marcha Nórdica. Parque San Diego. De 17 a 18,30 h.
- 26 Xaneiro. Coñece e Camiña. De Ponte Carollo a Ponte de Cas (A Coruña)
- 31 Xaneiro. Práctica Marcha Nórdica. Parque San Diego. De 17 a 18,30 h.
- 5 Febreiro. Veteranos Activos. De Rábade a Ombreiro (Lugo).
- 16 Febreiro. Coñece e Camiña. Túneles de Breogua (Cerceda - A Coruña)
- 19 Febreiro. Veteranos Activos. Circular de Coles (Ourense).
- 26 Febreiro. Salida Periurbana. Parque de Bens. Apta para Marcha Nórdica.



